

Atención: falamos de poesía

Anxo Tarrío Varela

O pasado día doce, fallouse o XIV premio Esquío que convoca anualmente a Fundación Caixa Galicia e que publica a Sociedade de Cultura Valle-Inclán, de Ferrol, con gran seriedade e conseguente rigor editorial, pois a Colección Esquío de poesía na que, entre outros títulos, aparecen os premios e os accesit de cada ano, posúe unha calidade e unha dignidade certamente louváveis.

Este ano, o premio pola parte galega recaeu nun poeta xa maduro que hai moito tempo que está a merecer a atención da crítica e do público. Un poeta que, malia pertencer á chamada xeración dos cincuenta, non publicou libros ao compás dos seus compañeiros de xeración, senón que gardou moito no caixón e tan só hai uns poucos anos empezou extraelos de alí como quen vai sacando mancheas de luz secuestrada e salferíndoas polo mundo. Estou a me referir a Manuel Álvarez Torneiro (1932), que xa merecera neste mesmo concurso poético, por dúas veces, o accesit de poesía en galego e outras dúas no seu homólogo castelán.

A profundidade da poesía de Álvarez Torneiro, a riqueza rítmica, léxica e imaxinística que presenta, a súa voz sempre sostida na elegancia, sen caer nunca no patetismo, fan deste culto poeta coruñés un dos escritores que menos concesións fixo ás modas e que, dentro do amplo abano temático que sabe manexar en rexistros varios soubo gardar sempre, como xoia preciada, unha mirada cara ao home, nun exercicio de humanismo cada vez máis necesario nun mundo no que a barbarie vai aganchando cotas de crueldade insospeitadas no final do século XX.

Xunto ao magnífico poemario de Álvarez Torneiro, moi logo teremos tamén ocasión de ler o que levou o accesit nesta ocasión e que resultou pertencer a unha poeta até o de agora descoñecida nas nosas letras: Ana Baliñas. Xa verán vostedes que frescura, que desenfado e que senso do humor unido a unha mirada profunda da realidade actual, nos ofrece esta moza de vintepoucos anos, licenciada en Filosofía, que agora emerxe na paisaxe literaria galega.

Pero non quero pechar este comentario sen aludir a dous preciosos libros que tiveron a boa idea de publicar Fernando Bores e Julia Uceda, directores da colección. Refírome a unha antoloxía bilingüe inglés-castelán de mulleres poetas norteamericanas nadas entre 1942 e 1950, preparada por Noël Valis, e dunha selección de poesía sefardí realizada por Paloma Díaz-Mas, baixo o título de Poesía oral sefardí.

A antoloxía de poetas americanas, que se titula *Las conjuradoras*, saíra do prelo xa no ano 1993, pero eu confeso que non tiven coñecemento dela até o de agora. Leva unha extensa e documentada introducción de Noël Valis, e ofrécenos seis poderosas voces femininas norteamericanas dos anos 70 e 80, todas elas de orixe xudía. En canto á selección de poesía sefardí, temos ocasión de recibir nela, como se se tratar dun eco que nos chega a través dos séculos, a voz da cantiga tal e como foi conservada, transformada e transmitida aos seus descendentes polas familias xudías fuxidas ou expulsadas da Península ibérica alá polos séculos XIV, XV e XVI. O encanto desta poesía para nós, os galegos, é indubidábel e por veces parece que estamos a escoitar, entre outras voces, as nosas cantigas de amigo medievais en versión sefardí desconxeladas despois de tantos centos de anos.

Atención, pois, lector, porque falamos de poesía.